Oe, *Alexa*, teño que levar o paraugas hoxe? A comunicación na era da intelixencia artificial

Patrizia Morgante[1]

«*Alexa*, apaga a música!», «Oe, Google, cronometra 5 minutos!», «*Siri,* búscame un restaurante de *sushi* preto de aquí!». Cantas veces escoitamos ou pronunciamos nós mesmos estas frases? Xa estamos bastante afeitos; os seres humanos temos unha enorme capacidade de adaptación ao contexto. A miña sobriña enfadábase sempre con *Alexa* porque dicía que se negaba a obedecer as súas ordes e que só o facía cando quen falaba era o seu marido. Eu, como socióloga, quedábame fascinada ante un material tan interesante para o meu traballo.

A mesma perplexidade experimenteina durante unha comida familiar. Unha das miñas sobriñas, de doce anos, estaba moi triste porque discutira cunha amiga. Pregunteille que ocorrera e, só despois de vinte minutos, comprendín que o conflito tivera lugar nun chat de grupo e non cara a cara.

Recordo que, cando hai algúns anos se estenderon os primeiros teléfonos móbiles (horríbeis, por certo), vía a xente camiñar pola beirarrúa falando por teléfono e iso atraía toda a miña atención. Máis tarde, coa aparición de sofisticados auriculares, vía persoas berraren e xesticularen (como só sabemos facelo os italianos) e a miña primeira reacción era pensar que, se Freud presenciase aquela mesma escena, poñeríaos todos en terapia. Os auriculares normalizaron a saúde mental de quen fala só.

1 Facilitadora, comunicadora dixital, formadora e educadora para organizacións relixiosas e ONG.